
ONDE VIVEN OS MONSTROS

Texto e ilustracións de MAURICE SENDAK

Tradución de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Encadernado en cartonné. Edición especial. 25,5 x 23 cm. 48 páx. 15 €.

- CALDECOTT HONOR BOOK 1964
- BOSTON GLOBE-HORN AWARD 1981
- NEW YORK TIMES BEST ILLUSTRATED BOOK
- ALA NOTABLE CHILDREN'S BOOK

Onde viven os monstros (galego)

ISBN 978-84-8464-859-8. Tras os montes.

Donde viven los monstruos (castelán)

ISBN 978-84-8464-858-1. Clásicos contemporáneos.

Allà on viuen els monstres (catalán)

ISBN 978-84-8464-860-4. Clásics contemporanis.

Piztiak bizi diren lekuan (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-724-9. Gaur egungo klasikoak.

Onde vivem os monstros (portugués)

ISBN 978-989-8205-31-5. Clásicos contemporáneos.

Te' tu'ux ku kajtal le wáayo'obo' (maía)

ISBN 978-84-8464-957-1. Clásicos contemporáneos.

A noite en que Max vestiu o seu traxe de lobo e empezou a facer trasnadas dunha clase e doutra, súa nai chamoulle:
-MONSTRO!

E Max díxolle: -VOUTE COMER!

Así que mandouno para a cama sen cear.

Aquela mesma noite, no cuarto de Max xurdiu un bosque...

Publicado por primeira vez en 1963, "Onde viven os monstros" suscitou certa polémica polo seu tratamento nada exemplarizante dos nenos, pero chegou a ser un clásico da LIX e un referente imprescindible. Está traducido a numerosas linguas e ademais é unha das obras máis vendidas de todos os tempos.

Castigado sen cear polas súas trasnadas, Max emprende unha viaxe simbólica dende o seu cuarto ata un lugar fantástico, atravesando un tempo/espazo mítico e enfrontándose aos seus medos. Tras converterse no rei duns monstros tan feroces coma entrañables, retorna ao punto de partida, onde lle agarda a cea. Unha travesía de ida e volta, dende a realidade á ficción, sen que nada nin ninguén explique se esa metamorfose foi produto dun soño.

"Onde viven os monstros" é un exemplo de álbum ilustrado pola súa perfecta conxunción entre palabra e imaxe; unha historia poética e sinxela, contada con humor, total economía expresiva e absoluta harmonía entre texto e ilustracións. Todo se conxuga neste libro, pensado artisticamente ata o máis mínimo detalle: o xogo coa diagramación, o formato, a atmosfera case máxica que desprende cada páxina, a tensión argumental e a combinación de palabras, sons e repeticións.

Así, o tamaño das ilustracións vai *in crescendo* a medida que o protagonista se adentra no mundo onírico; as imaxes ocuparán a totalidade da páxina cando a historia acade o seu clímax e irán diminuindo en envergadura cando Max vaia regresando ao plano da realidade.



■ **Temática:** viaxe imaxinaria ao mundo dos monstros.

■ **Idade recomendada:** dende 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** galardoado coa Medalla Caldecott, entre outros premios; diagramación e formato do álbum, exemplo de álbum ilustrado perfecto; diferenza entre realidade e ficción, imaxinación, soños; do autor e ilustrador de "Na cociña de noite" e "Máis alá da fiestra", a serie "Osiño" e ilustrador de "Osos".

Maurice Sendak

(Brooklyn, Nova York, 1928 - Connecticut, 2012)

Dende 1951 produciu máis de 90 libros infantís, unha traxectoria que o levou a recibir en 1970 o Premio Andersen e o Premio Laura Ingalls Wilder en 1983. En 1996 o Goberno dos Estados Unidos entregoulle a Medalla Nacional das Artes e en 2003 concedéronlle o Premio Internacional Astrid Lindgren de Literatura Infantil, xunto coa autora austríaca Christine Nöstlinger. Fillo de inmigrantes xudeus de orixe polaca, Sendak estudou pintura e debuxo no Art Students League de Nova York. Conseguiu o seu primeiro emprego como ilustrador para All America Comics e en 1951 comezou a traballar como ilustrador para a editorial Harper and Brothers. Impulsou unha auténtica revolución no panorama literario infantil polas ideas, a forma e o contido dos seus libros. A crítica especializada calificábo como "un dos homes máis influíntes dos Estados Unidos, porque darlle forma á fantasía de millóns de nenos é unha terrible responsabilidade".



www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
